

En abril, enigmas mi/ Días de Libros

o **Día do Libro** celébrase o 23 de abril por terse producido nese día o falecemento de tres ilustres escritores (1). Deles, o escritor español homenaxeado naceu nunha localidade madrileña (2) onde na actualidade se fai entrega do premio que leva o seu nome, nesta ocasión a un poeta venezolano (3).

Cervantes quixo ser poeta pero el mesmo dixo que foi a da poesía unha “gracia que no quiso darme el cielo”, nunha obra poética (4) que non é unha guía turística aínda que podería parecelo. Tamén o intentou co teatro, pero foille difícil competir con aquel autor dramático (5) coñecido como “Fénix de los Ingenios”.

No campo da novela non tivo rival e sacou á luz, en dúas partes, publicadas con dez anos de separación, a que ía ser a máis lida de todos os tempos, o *Quixote*, que leva un título completo (6) máis extenso.

Escribiu e publicou outras; a súa derradeira novela (7), publicada xa postumamente, ten como protagonista feminina a unha moza que leva por nome o mesmo do personaxe central dun drama (8) do teatro da Idade de Ouro, que pronuncia algún dos máis famosos monólogos sobre o sentido da vida humana (o apelido do autor é idéntico ao nome dun signo musical de prolongación do son).

1. identidade dos tres autores:

2. localidade da provincia de Madrid:

3. nome do escritor:

4. título da obra:

5. nome do dramaturgo:

6. título completo da novela:

7. título:

8. título e autor:

NOME E APELIDOS: _____

CURSO E GRUPO _____